



A ÁREA SANITARIA DE VIGO DESENVOLVE NOVAS MEDIDAS ORGANIZATIVAS NO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO

- **Reorganízanse os circuítos das Urgencias, liberando os espazos de HADO -que se cambiou de emprazamento-, para separar completamente a atención pediátrica dos adultos**
- **As Urgencias pediátricas terán unha admisión independente co obxecto de evitar o contacto entre os menores e os adultos**
- **O espazo liberado de pediatría destínase á atención das patoloxías Non respiratorias das Urgencias de adultos**

Vigo, 24 de marzo 2020. No marco do Plan de Continxencia que a Área Sanitaria de Vigo ten deseñado para a atención aos pacientes con patoloxía relacionada co COVID-19, a Xerencia continúa implementando, de xeito progresivo, as medidas establecidas para dar resposta ás necesidades de atención.

O servizo de Urgencias, un dos sometidos a un maior impacto e presión asistencial, ten experimentado unha significativa reorganización dos seus circuítos, co obxecto de delimitar dúas áreas, unha para pacientes con sospeita de enfermidade respiratoria por COVID-19 e outra área para o resto de patoloxías urxentes.

Neste contexto, a partires de hoxe, queda delimitada aínda máis a área de Urgencias pediátricas, concentrando esta atención nos espazos ocupados ata hoxe polo servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO). Así, esta mañá HADO trasladouse á Área de Docencia (planta 0), e neses espazos liberados por este servizo habilitouse un posto de Admisión de Urgencias pediátricas – propias e independente da de adultos-; un Posto de Triaxe e unha sala de espera para nenos. A porta de acceso exterior é diferente á que se viña utilizando habitualmente para entrar nas Urgencias pediátricas.



A zona liberada das Urgencias pediátricas destínase á atención das patoloxías Non respiratorias de adultos, ampliando así o chamado “circuíto de limpo”. Conta cun Posto de Triaxe específico e unha Sala de espera para aqueles pacientes que se achegan a Urgencias por outros motivos diferentes aos relacionados co coronavirus.





O obxectivo destes movementos é dobre: por un lado, evitar calquera tipo de contacto entre os pacientes pediátricos e os adultos; e por outra banda, dispoñer dun espazo máis amplo para a atención das patoloxías Non respiratorias de adultos.

Tres Unidades de Hospitalización

No referido á hospitalización, neste momento hai dúas Unidades destinadas ao ingreso e atención exclusiva dos pacientes con diagnóstico confirmado de COVID-19. Son as emprazadas na planta terceira, nas Velas C e D.

Ademais, destinouse a Vela C da segunda planta á atención aos pacientes con sospeita de padecer a enfermidade pero aínda non está confirmada.

Conforme vaian aumentando as necesidades de hospitalización, iranse desenvolvendo novas fases do Plan de Continxencia e novas medidas asistenciais e organizativas.

Equipos COVID-19

No referido aos profesionais, tal e como tense informado, os pacientes están sendo atendidos polos equipos específicos constituídos a tal fin, os catro Equipos COVID:

Un **equipo COVID de Urgencias**, formado por un facultativo, un profesional de enfermaría e un TCAE, que se encargan de atender aos pacientes con criterio clínico e epidemiolóxico sospeitosos nos circuitos dese servizo.

O segundo **Equipo é de hospitalización**, liderado por un internista especializado en infecciosas ou un pneumólogo, que se encargan de realizar o ingreso destes pacientes, atendelos nos seus cuartos e facer o seu seguimento.

O **Equipo de Seguimento Compartido de Atención especialidade (ESCAH)**, é un equipo de Hospitalización a Domicilio. Composto por 1 facultativo e 1 enfermeira, responsabilízase do seguimento clínico dos casos positivos en illamento domiciliario, e de coordinar, se fose necesario, os ingresos no hospital.

En canto á realización de Test PCR, continúan operativos **7 equipos de extracción de mostras domiciliarias** ademais do dispositivo fixo no Hospital Meixoeiro, o COVID-Auto. A día de hoxe, a área de Vigo leva realizadas 1860 destas probas diagnósticas.

